

RESULTADOS DA CONVOCATORIA DE XUÑO DE 2020. MATERIA: XEOGRAFÍA

1º) Resultados

Sen dúbida a notable alza da nota media que se deu este ano na nota das probas ABAU na materia de Xeografía ten moito que ver coa situación excepcional vivida por mor da crise sanitaria da COVID-19. Esa nota ascendeu ata un 6,70 dende o 5,16 da convocatoria de 2019.

A maior optatividade está na base do incremento, pois os contidos foron basicamente os mesmos á convocatoria do ano anterior


XEOGRAFÍA: datos comparativos

	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Presentados	2.990	2.841	2.854	2.661	2.467	2.538	1.495	1.380	929	1454
Reclamacións	420	212	222	259	182	163	80	78	45	128
2ª Correccións	310	235	238	262	210	194	110	142	79	-
NOTA MEDIA	5,57	5,13	5,11	5,12	5,2	5,49	5,66	5,43	5,16	6,7


Fonte: CIUG, varios anos

O mesmo acontece, aínda que con matices, co progreso no número de matriculados, que pasou dos 929 en 2019 aos 1454 da convocatoria de 2020, seguindo a estela do conxunto das probas ABAU que viu incrementado o volume de matrícula de xeito notable. Non obstante, o matiz que hai que introducir é que na convocatoria pasada os presentados en Xeografía eran o 8% do total fronte ao 11,6 % da convocatoria actual, circunstancia que parece reflectir unha certa recuperación da matriculación en Xeografía despois das dificultades sufridas tralo recente cambio de posición da Xeografía (cunha menor posibilidade de elección do alumnado dentro das optativas entre as que está a Xeografía). De todos os xeitos, cómpre destacar que malia a ter un número semellante de presentados a 2017, a materia queda moi lonxe dos momentos nos que do total do alumnado das ABAU facían as probas de Xeografía en torno a unha cuarta parte dos mesmos.

Tal e como apuntamos xa con anterioridade, na materia de XEOGRAFÍA a nota media foi 6,70 e aprobaron o 78,7 % dos presentados, cunha moi favorable evolución dende o 58% de aprobados da convocatoria de 2019.



Fonte: CIUG, varios anos



Fonte: CIUG, varios anos

A partir da análise dunha mostra das cualificacións de cada unha das preguntas (definicións, temas, prácticos) non podemos facer unha comparativa cos anos anteriores, tanto por ter mudado o modelo de exame

(catro preguntas, á súa vez con múltiples opcións: pregunta de vocabulario con quince termos para escoller 10; pregunta de tipo teórico con dúas opcións para escoller unha; pregunta cun práctico de Xeografía Física; e pregunta cun práctico de Xeografía Humana. De todas elas tiñan que escoller dúas) como a puntuación dos diferentes apartados (cinco puntos cada pregunta), pero si podemos indicar como se desenvolveu o exame neste sentido.

	2020
Vocabulario	3,57
Tema 1	3,51
Tema 2	3,5
Práctico 1	2,77
Práctico 2	2,7
Nota media	6,7¹

Fonte: datos subministrados polos correctores e elaboración propia.

1.-A nota media fai referencia a unha mostraxe do 21 % dos exames.

As definicións foron a pregunta máis escollida (80 % dos alumnos/as) e acadou a mellor valoración 3,57 puntos sobre o máximo de 5 que tiña cada unha das catro preguntas posibles no exame. Pola súa banda os temas contaron ambos cunha puntuación practicamente idéntica 3,51 (o tema sobre a *Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica*) e 3,5 puntos (o de *Transformacións recentes na estrutura agropecuaria*), aínda que foi moito máis escollido o primeiro (48 % dos exames) fronte ao segundo (19 %).

Respecto destes dous tipos de preguntas, vocabulario e temas, cómpre apuntar que se apreciou unha mellora substancial no desenvolvemento das mesmas e no resultado, malia a non ser comparables, se facemos unha proxección desas preguntas a 10 puntos para este e os anos anteriores (con anterioridade o vocabulario supoñía dous puntos sobre a nota final e o tema 3), temos que no vocabulario esa proxección para 2019 sería de 6,9 puntos sobre 10, mentres que no curso presente ascende ata 7,2. No caso da pregunta teórica, esa proxección en 2019 era de 5,2 puntos, fronte aos 7 en calquera das dúas preguntas teóricas de 2020.

Sen embargo, os prácticos tiveron unha media substancialmente menor, aínda que sen abandonar o aprobado: 2,77 o práctico sobre centrais térmicas de carbón e 2,7 puntos o climograma. A porcentaxe de realización de cada un deles foi baixa, o 28,2 e 23,3 % respectivamente. Hai que apuntar que a optatividade deste curso fixo posible que (ao escoller dúas das catro preguntas) moito do alumnado optase por facer as preguntas de vocabulario e un dos temas deixando de lado os exercicios prácticos (sucedeu nun 40 % dos exames). No sentido oposto, alumnos/as que se decantaron por facer só os dous prácticos supuxeron o 8,2 % dos casos.

Dentro dos exercicios prácticos resólvese bastante ben a cuestión de localización, e ocorre outro tanto coa identificación dos documentos, aspecto que debe de traballarse bastante na aula porque a mellora xa apuntada nos cursos pasados mantívose na presente convocatoria. Pola contra, non se alcanza o mesmo nivel de resposta á hora de comentar os documentos (deficiencias en análise e síntese). No caso da pregunta teórica, malia á mellora, continúa a observarse un déficit na estruturación e claridade das respostas, en especial no de *Transformacións recentes das estruturas agropecuarias*, como xa se apuntou no informe de resultados dos anos precedentes.

2ª) Valoración xeral do nivel de coñecementos, segundo a información dos correctores

A valoración global sobre o nivel de coñecementos reflicte o seguinte.

No relativo a *CONTIDOS* e a partir da opinión dada polos correctores, dedúcese que en todos os ítems sinalados, ao igual que acontecía xa o ano precedente, o alumnado está nun nivel aceptable ou bo. Con todo, cabe facer unha serie de matizacións. A *AMPLITUDE DE COÑECEMENTOS* está por riba da media: todos os correctores consideran que esa amplitude de coñecementos é boa ou moi boa, notándose un progreso notable neste sentido respecto de resultados de anos anteriores. Nesta percepción inflúe a boa preparación dunha parte substancial dos presentados no tocante ao vocabulario e mesmo ao tema realizado. Unha boa parte do alumnado preparou de xeito notable esas partes do temario ao ter de antemán o modelo de exame e a distribución das preguntas.

No que respecta á *PRECISIÓN E RIGOR NOS CONCEPTOS*, tamén notamos unha substancial melloría respecto de anos anteriores. No curso pasado un terzo dos correctores considerábase este ítem como escaso, mentres que nesta convocatoria algo menos do 10 % dos correctores afirmaron o mesmo. A maioría deles (case dous terzos) indicaron que a precisión e rigor foron aceptables e un 27 % que entran dentro da categoría de bo. Fronte a queixas tradicionais de que os conceptos non se coñecían o suficiente ou que non se empregan sempre ben, este ano non houbo queixas neste sentido e mesmo se explicitou en varios casos que notaron unha substancial mellora neste sentido.

CONTIDOS

	1	2	3	4	5
Amplitude de coñecementos			27,27	72,73	
Precisión e rigor en conceptos		9,09	63,64	27,27	
Capacidade de análise		45,46	45,45	9,09	
Capacidade de síntese		18,18	54,55	27,27	

Datos en tantos por cen

1: moi escasa; 2: escasa; 3: aceptable; 4: boa; 5: moi boa.

Fte.: Información facilitada polos correctores e elaboración propia.

As maiores deficiencias obsérvanse na *CAPACIDADE DE ANÁLISE*, problema que vén repetíndose dende anos anteriores aínda que neste curso a valoración non é tan negativa como nos precedentes. Efectivamente o alumnado mostra bastante dificultade en analizar os documentos que se presentan e é frecuente que substitúa a devandita análise por unha resposta xeral e de tipo teórico sobre o tema central do exercicio práctico. Non obstante houbo Redúcese a percepción dos correctores, que se viña manifestando repetidamente en anos anteriores, da existencia dun número significativo de exames moi bos, circunstancia que se explica polos resultados: un 23 % dos exames tiveron unha nota de 9 ou superior (333 exames de 1454 presentados) e un 7,3 % obtiveron un 10 (107 en números absolutos).

En *CAPACIDADE DE SÍNTESE* a situación é máis favorable, con melloras respecto de anos anteriores.

Como xa concluimos en anos anteriores, o alumnado ten coñecementos pero fáltalle o hábito de interrelacionalos, de utilizar a linguaxe específica de Xeografía e de analizar os documentos propios desta materia. Isto traducíuse nos propios exames e tamén, como particularidade propia deste ano, na escasa realización dos prácticos respecto dos temas teóricos. Diante da posibilidade de facer só preguntas teóricas moitos dos presentados tomaron ese camiño, precisamente por estar asentada a idea dunha maior dificultade dos prácticos que precisan desas habilidades de interrelación, análise, síntese, que son pouco desenvolvidas nas aulas. Cremos que o problema está na amplitude dos programas de xeografía, tanto no nivel de ESO como no de Bacharelato, o que impide dedicar tempo ao ensino-aprendizaxe para o achegamento, uso, manexo, análise, etc. dos documentos propios da Xeografía.

No relativo aos *ASPECTOS FORMAIS*, a situación é a seguinte.

ASPECTOS FORMAIS

	1	2	3	4	5
Presentación		18,18	18,18	63,64	
Lexible			45,45	45,46	9,09
Ortografía e puntuación		45,46	27,27	27,27	
Corrección gramatical		9,09	63,64	27,27	
Coherencia e orde na exposición		9,09	45,45	45,46	

1: moi escasa; 2: escasa; 3: aceptable; 4: boa; 5: moi boa.

Fonte: Información facilitada polos correctores e elaboración propia.

En todos os ítems houbo unha notable mellora ao ano anterior. Todos os aspectos contan cunha boa valoración, coa excepción da ortografía, que é indicada por case a metade dos correctores como escasa. Mellorouse en presentación e lexibilidade, aspectos moi aplaudidos polos correctores pois facilitan moito a súa labor. Son notables tamén os progresos en corrección gramatical e coherencia e orde na exposición, aspectos nos que hai que animar a seguir mellorando pero que nos que se notou unha substancial mellora e así o hai que significar. No tema da ortografía, malia a non ter unha valoración tan negativa como en anos anteriores, si cómpre insistir en que queda moito camiño por mellorar e hai un número moi significativo de exames con erros ortográficos moi graves e reiterados. Como vimos

apuntando dende o grupo de traballo, quizais sería necesario avaliar este aspecto cun peso na nota final do exame tal como acontece noutras CCAA. No noso caso, a día de hoxe si se sinalan as faltas nos exames, pero non supoñen redución na puntuación.

Segue a mellora, xa apuntada en convocatorias anteriores, no ítem de coherencia e orde na exposición, aspecto no que seguramente axuda o guión que se propón nos exames para facilitar a orde nas respostas. De todos os xeitos segue apreciándose unha carencia de reflexión previa a escribir en moitos dos exames, sen unha lectura sosegada dos enunciados, que despois se traduce en problemas de estruturación das respostas, de identificación correcta do que se debe contestar e en definitiva da coherencia e orde na exposición. Acontece isto especialmente en determinados temas de Xeografía Humana, nos que o alumnado tende a divagar máis. Isto lévanos de novo, como noutros anos, a incidir sobre unha necesidade de maior aprendizaxe de procedementos reducindo os contidos.

3º) Grado de traballo de determinados aspectos na aula

A partir dos resultados obtidos, percíbese que uns aspectos se traballaron máis na aula que outros, aínda que no caso dos últimos hai que ter en conta que poden terse traballado e non asimilado ben polo alumnado, xa porque sexan máis difíciles, xa porque se traballaron a principio de curso e estean máis esquecidos ou por calquera outro motivo.

Aspectos que se traballan con excesivo detalle na aula:

Vocabulario/Definicións

Temas teóricos

Especificamente o tema da Evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica

Hai correctores que pensan que ningún tema pode traballarse excesivamente porque non hai tempo para iso.

En conxunto as observacións son semellantes ás do pasado ano.

Aspectos que se traballan insuficientemente na aula:

A este respecto cóincídese en que se traballan pouco na aula determinados aspectos, que se reiteran como en anos anteriores.

Algúns son transversais; así indícase que a análise e reflexión non se traballan suficientemente, aínda que sexa moi necesario xa que o alumnado ten un claro déficit neste aspecto, como se observa ano tras ano. De todos os xeitos, non sería en 2º de bacharelato cando debера traballarse este aspecto senón que tería que iniciarse xa na ESO, o que non é posible se non se reduce o temario. Agora ben, é evidente que hai unha necesidade clara de solventar esta carencia.

Na mesma liña están outros aspectos como a interpretación e comentario de mapas e gráficos, neste ano en concreto o climograma, que non foi identificado nun número importante de exames, con graves deficiencias tamén nos aspectos analíticos do mesmo.

Noutros casos sinálanse contidos específicos e que nalgún caso teñen relación coas preguntas do exame: confusión entre efecto invernadoiro e buraco na capa de ozono (neste sentido recoméndase centrarse á hora de explicar o concepto de efecto invernadoiro nos aspectos antrópicos sobre o mesmo), carencias na estruturación do tema sobre transformacións recentes na estrutura agropecuaria española (neste sentido, e con aras de facilitar o estudo por parte dos alumnos e a explicación do mesmo por parte do profesorado, cómpre lembrar que no histórico de exames existente na Web da CIUG poden obterse resoltos todos os temas que son susceptibles de ser preguntados nos exames de Xeografía).

Insístese tamén nunha deficiente clasificación das fontes nos documentos gráficos e na necesidade de traballar máis os aspectos analíticos da parte práctica.

E xa por último, tamén se sinala que se traballan insuficientemente os prácticos porque non hai tempo para traballalos todos, aínda que se recoñece por parte dos correctores que coa redución do seu número nas directrices se ten avanzado neste sentido.

4º) Comentarios sobre as cuestión formuladas/erros detectados nos exercicios

Definicións:

En xeral o vocabulario contestouse adecuadamente. De todos os xeitos non foi infrecuente que se contestasen menos dos 10 termos requiridos. Tamén houbo caso no que se contestaron máis de 10. Convén recordar novamente que o alumnado debe ser informado de que se corrixen as dez primeiras definicións e óbvianse as restantes; facer o contrario sería inxusto para o alumnado que se cinguise ao enunciado (definir só dez termos).

Houbo dificultades cos termos demográficos, apreciándose unha confusión reiterada entre Padrón, Censo e rexistro demográfico, aspectos que deben ser traballados na aula de cara o futuro.

Por outro lado, o termo “efecto invernadoiro” presenta respostas moi confusas e os alumnos non teñen claro o efecto antrópico sobre o mesmo. Apréciase tamén unha confusión bastante habitual deste termo co do buraco na capa de ozono, que debe ser abordado nas aulas para clarificalo.

Temas:

O tema “Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica e das Illas Canarias e Baleares” estivo bastante ben desenvolvido, como ven acontecendo xa dende convocatorias anteriores nas que tamén se preguntou.

Sen embargo o tema de “Transformacións recentes na estrutura agropecuaria española” presenta maiores carencias, tanto na súa estruturación como en contidos. Neste sentido, varios correctores suxeriron que unha solución aos problemas de estruturación e divagación á hora de contestar a esta pregunta podería solucionarse se o alumnado (e o profesorado nas aulas) se aproximase máis ao tema que se atopa nos solucionarios de exames de convocatorias precedentes presentes na Web da CIUG, onde está resolto (ao igual que todos os temas marcados nas directrices como susceptibles de ser preguntados na proba).

Prácticos:

Respecto do práctico sobre as centrais térmicas de carbón en España, os correctores manifestan que hai unha carencia notable á hora de describir e analizar unha paisaxe e que deben abordarse máis estes aspectos no traballo en aula co alumnado. Signifícase tamén a práctica carencia de coñecementos sobre os factores de localización industrial, que foron deixados de lado na pregunta específica que sobre este aspecto se facía neste exercicio.

En relación ao Climograma, apreciáronse varias deficiencias xeneralizadas, as máis importantes teñen que ver co descoñecemento do tipo de gráfico que se estaba a representar, moitos non foron quen de indicalo. Tamén apareceron confusións na identificación, pois se definiu en varios casos como hidrograma e mesmo como cliserie.

Por outro lado non se analizaron, en xeral, os factores que explican as características do climograma e obviouse en moitos casos contestar a preguntas específicas como que indicasen as situacións da dinámica xeral atmosférica que afectan a ese clima.

Para os dous casos, as observacións feitas polos correctores inciden en dificultades á hora de identificar os tipos de documentos.

5º) Observacións dos correctores.

As observacións xerais dos correctores englobáanse nos seguintes aspectos.

Insisten en que deben desenvolverse máis os subapartados dalgunha cuestión teórica para guiar o tema.

Continúan percibindo unha mellora con respecto anos precedentes na definición de conceptos e na pregunta de localización.

Insisten en que hai un déficit na organización dos contidos (o devandito con anterioridade sobre estruturación das respostas), especialmente no tema sobre transformacións agrarias. Mesmo nesta pregunta teórica insítese en que o profesorado debe de estar atento ás novidades nas directrices, pois apreciaron que varios alumnos responderon á mesma segundo o esquema

dun tema semellante de hai varios cursos. Este tema foi reformulado nas directrices e algúns docentes seguen co esquema anterior.

Sobre este particular e tamén sobre a demanda de redución de contidos, dende o grupo de traballo fixemos un esforzo por buscar unha redución de posibles preguntas teóricas e do número de prácticos, sen deixar de lado ningún dos aspectos curriculares, e iso foi destacado polos correctores que indicaron que o traballo na aula foi máis doado. Por iso manterase a estrutura de directrices para o vindeiro curso 2020-2021.

6º) Propostas dos correctores.

Malia ao que acabamos de apuntar, aínda segue a preocupación xeral pola excesiva carga no currículo de xeografía. A iso únese que esta materia se retoma en 2º de bacharelato desde 3º de ESO, coa consecuencia de que os coñecementos están bastante esquecidos. E dende hai tres cursos a materia é optativa, o que xera que parte do alumnado non a curse pola dificultade que entraña.

Algunhas das propostas que fan os correctores inciden na necesidade de recortar o programa e máis concretamente o número de prácticos para poder traballar todos na aula. Nalgúns casos concrétese na redución de prácticos de xeografía física porque se consideran máis difíciles. Como comentabamos, pensamos que xa se fixo nas directrices ese esforzo nos dous últimos cursos e seguirase coa mesma estruturación do temario.

Outras recomendacións céntranse na necesidade de incidir na aula na identificación, interpretación e comentario de mapas e gráficos, para que saiban utilizar correctamente os documentos propios da xeografía.

Finalmente, outra recomendación é reiterar na aula que se lean ben os enunciados e que se sigan os guións ou as cuestións das preguntas antes de desenvolverlas, e comprender ben o que se pregunta antes de responder, pois moitas veces non se contesta ao preguntado ou se fai só á primeira parte do enunciado.